



Dona Beatriz Mariño Vila
Xefa do Servizo de Contratación

Expte.: AS-5/2017

En contestación ao seu escrito de 24 de abril de 2017 no que se remite a xustificación da oferta económica presentada pola empresa CLECE, S.A. ao procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do sistema de climatización nas bibliotecas municipais da Sagrada Familia, Monte Alto e Castrillón e se solicita a emisión de informe de valoración por parte deste Servizo, infórmolle que:

- 1º A cláusula 23ª do prego de cláusulas administrativas regulador do procedemento de contratación establece que cando o órgano de contratación identifique que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado. A documentación deberá acompañar a xustificación de que os prezos ofertados respectan os dereitos laborais dos traballadores que se asignarán á execución do servizo, concretamente no relativo a salarios, horarios e estabilidade laboral. Así mesmo, garantirán a calidade da prestación a desenvolver e que a dita prestación satisfará os intereses xerais.
- 2º No escrito presentado o 17 de marzo de 2017, CLECE, S.A. declara que:
 - CLECE, S.A. dispón dunha central de compras e convenios coas empresas máis importantes do sector, o que unido ao seu volume de compras permítelle obter prezos vantaxosos
 - Os custos xerais de CLECE, S.A. son reducidos, ao compartir custos comúns entre os diferentes contratos que xestiona
 - A ferramenta e instrumentación xeral necesaria para o desenvolvemento das tarefas contempladas no contrato non supón un gasto adicional, dado que CLECE, S.A. dispón de instrumental suficiente que xa foi obxecto de amortización contable
 - Os vehículos utilizados polo persoal serán os xa existentes para a prestación doutros servizos na zona, polo que simplemente se contabilizou o gasto previsto en combustible
 - O persoal que se asignará á prestación do servizo forma parte do cadro de persoal da empresa e está dotado da roupa de traballo, EPIs e formación necesaria
 - O custo do persoal asociado ao contrato calculouse en aplicación do convenio colectivo da empresa CLECE, S.A. (BOE do 25.07.2012, número 177), cunha suba estimada do 2%
 - Se ratifica na súa oferta económica, cuxo cumprimento considera debidamente xustificado

CLECE, S.A. inclúe un cadro de custos no que contempla 1996,22 euros en gastos de persoal, 1065,83 euros en gastos de combustibles e material funxible, 250 euros en anuncios, un 2,61% de gastos xerais e un 9,79% de beneficio industrial, para un total de 3780,88 euros anuais (sen IVE).
- 3º O cadro de custos presentado por CLECE, S.A. é coherente co establecido no convenio colectiva da empresa e coas alegacións presentadas en relación coas posibles vantaxes comparativas na prestación do servizo e permitiría, de acreditar a idoneidade das horas de servizo contempladas, garantir o respecto dos dereitos laborais dos traballadores que se asignarán á execución do servizo, cando menos no relativo a salarios.



4º En consecuencia, este Servizo considera que o informe xustifica o prezo ofertado e propón que se acepten as alegacións presentadas por CLECE, S.A..

A Coruña, 13 de xuño de 2017

Isabel Blanco Pardo

Directora de Bibliotecas